

Plaza número: 23/13016 Número de plazas: 1

Categoría: Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de conocimiento: Fisioterapia

Departamento: Derecho Privado

Docencia: 612G01026 Filosofía del Derecho

612G01006 Teoría del Derecho

Centro: Facultad de Derecho

Vista la propuesta formulada por la Comisión encargada de juzgar el concurso para la provisión de la plaza arriba indicada,

Visto el acuerdo adoptado por la Comisión de Reclamaciones en su reunión del 6 de noviembre de 2023, en el que ratifica la propuesta de la Comisión de Selección,

Este Rectorado, en uso de las facultades que le confiere el art. 36 de los Estatutos de la Universidad de A Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de mayo (DOG do 26), y en aplicación de lo dispuesto en el apartado 10 de la Normativa por la que se regula el procedimiento para la selección de personal docente e investigador interino y laboral contratado, que se aprueba por acuerdo del Consello de Goberno del 30 de abril de 2014, resuelve asignar la referida plaza al concursante **D./D^a. ISAÍAS JUAN CALVO DE LA UZ**.

Contra la presente Resolución, que agota la vía administrativa, se podrá interponer un recurso contencioso-administrativo en el plazo de dos meses, que se contarán desde el día siguiente al de su notificación o publicación, de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, do 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa. Previamente, y con carácter potestativo, se podrá interponer un recurso de reposición ante este Rectorado, en el plazo de un mes, de acuerdo con lo establecido en el artículo 123 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas (BOE de 2 de octubre de 2015).

A Coruña, en la fecha de la firma digital

El rector,

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	jZ1fVyemcnRhWEVq4Bk/oA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	04/12/2023 09:22:32
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jZ1fVyemcnRhWEVq4Bk/oA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Alberto Valderruten Vidal, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

CERTIFICO:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 6 de novembro de 2023, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Reclamación Praza: 23/13016

Praza: 23/13016

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Área de Coñecemento: Filosofía do Dereito

Departamento: Dereito Privado

Docencia: 612G01026 Filosofía do Dereito, 612G01006 Teoría do Dereito

Centro: Facultade de Dereito

A Comisión de Reclamacións tras analizar o contido da reclamación presentada por dona María Doporto Santos, a documentación da candidata e o informe realizado pola comisión encargada da selección da praza de 31/10/2023 ratifican todos os puntos do antedito informe e estiman axeitada a proposta realizada pola Comisión de Selección.

Acordase a incorporación do informe da Comisión de Selección de 31/10/2023 á publicación da resolución do concurso.

A Coruña,

Código Seguro De Verificación	mEzonL6ULnLRsyTX9YyeZg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	06/11/2023 15:13:49
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mEzonL6ULnLRsyTX9YyeZg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



INFORME

De acordo co disposto no artigo 8.7 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoa docente e investigador interino e laboral contratado da Universidade da Coruña, a comisión de selección encargada de xulgar a praza nº 23/13016 (Profesor/a asociado/a con dedicación parcial (P04) da área de coñecemento de Filosofía do Dereito. Departamento de Dereito privado. Facultade de Dereito. Universidade da Coruña) presenta informe razoado sobre a reclamación presentada por D^a María Doporto Santos o 24 de outubro de 2023.

A dita comisión de selección, tras analizar e atender os argumentos das alegacións e as peticións da recorrente e revisar as puntuacións outorgadas na acta,

EXPÓN que

1ª Puntuación do bloque III. A concursante alega que non se lle puntuaron “os 4 meses que de experiencia docente en ensinanza regrada non universitaria ten esta aspirante como consta na vida laboral e no documento BIII.4.18”.

A Comisión non outorgou puntuación a este mérito porque non consta a xustificación que a recorrente alega nin outra xustificación que permitise á Comisión avaliar o dito mérito de xeito adecuado. Na carpeta da documentación da recorrente non existe un documento BIII.4.18 e ningún dos outros documentos achegados serve para acreditar o mérito obxecto da alegación. A vida laboral tampouco acredita o mérito alegado.

Por estas razóns, en cumprimento do establecido na normativa, o mérito obxecto da alegación non recibiu puntuación.

2ª Puntuación do bloque VI. A comisión de selección acordou no acto de constitución: “a experiencia profesional no ámbito xurídico e administrativo será puntuada co 50% dos puntos previstos na normativa”. Ademais, a comisión avaliou os méritos alegados por cada concursante en razón da súa relevancia para o perfil da praza, pois a Normativa sinala que a actividade profesional “[c]omputarase até 7 puntos por ano na medida en que os postos ou funcións desempeñados sexan relevantes para o perfil da praza...”; é dicir, a Normativa esixe definir a puntuación en razón da dita relevancia. Xa que logo, a comisión de selección considerou que a experiencia da recorrente como directiva de empresas públicas e avogada ou asesora xurídica no ámbito do Dereito urbanístico tiña escasa relevancia para a perfil da praza (Filosofía do Dereito), polo que decidiu outorgarlle un 20% da puntuación máxima por ano de experiencia profesional.

A combinación dos criterios indicados deu como resultado unha puntuación de 0,7 puntos por cada ano de experiencia profesional. No caso da recorrente, a aplicación deste criterio traducíuse nunha puntuación final de 17,50 puntos no bloque VI, equivalentes a 25 anos de experiencia profesional.

Polo tanto, a comisión outorgoulle mesmo unha puntuación superior á que debería recibir segundo o cálculo dos anos de experiencia profesional feito pola propia recorrente no seu escrito de reclamación: 23,38 anos, que equivalerían a unha puntuación total de 16,37 neste bloque VI.

NO ASISTE

Código Seguro De Verificación	W2RwdsEbsDOE6iuZbj3z2A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Carolina Pereira Sáez	Asinado	31/10/2023 11:30:32
	José Antonio Seoane Rodríguez	Asinado	31/10/2023 10:55:17
	Pedro Serna Bermúdez	Asinado	31/10/2023 10:46:27
	Director/a Departamento Dereito Privado - Rafael Colina Garea	Asinado	31/10/2023 10:18:23
	Decano/a Facultade de Dereito - Ana María Aba Catoira	Asinado	31/10/2023 10:13:30
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/W2RwdsEbsDOE6iuZbj3z2A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



3º Revisión da puntuación final e modificación da proposta de resolución. De acordo coas razóns expostas, tras a revisión das puntuacións outorgadas, a comisión de selección considera, por unanimidade, que non deben ser modificadas as puntuacións do bloque III -por falta de acreditación suficiente do mérito alegado- e do bloque VI -calculada correctamente de acordo cos criterios establecidos pola Normativa e a comisión de selección, non procedendo unha *reformatio in peius* de la puntuación en función do cálculo da experiencia profesional indicado pola recorrente-.

Ao non modificarse as puntuacións dos bloques obxecto da alegación, a comisión considera, por unanimidade, que non debe ser modificada a puntuación final da recorrente e, en consecuencia, non debe ser modificada a proposta de resolución do procedemento de selección da praza nº 23/13016: Profesor/a asociado/a con dedicación parcial (P04) da área de coñecemento de Filosofía do Dereito. Departamento de Dereito privado. Facultade de Dereito. Universidade da Coruña.

A Coruña, 26 de outubro de 2023

Código Seguro De Verificación	W2RwdsEbsDOE6iuZbj3z2A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Carolina Pereira Sáez	Asinado	31/10/2023 11:30:32
	José Antonio Seoane Rodríguez	Asinado	31/10/2023 10:55:17
	Pedro Serna Bermúdez	Asinado	31/10/2023 10:46:27
	Director/a Departamento Dereito Privado - Rafael Colina Garea	Asinado	31/10/2023 10:18:23
	Decano/a Facultade de Dereito - Ana María Aba Catoira	Asinado	31/10/2023 10:13:30
Observacións		Páxina	2/2
Uri De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/W2RwdsEbsDOE6iuZbj3z2A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

